



O meu peito coa angustia se reprime,  
I anda ó feito, aquí escondido,

...

Relumbrando más alá.

Non sei para donde vas;

Mais cada vez que te vexo,

Quixera poderte andar.

...

¿Que pasa o redor de min?

¿Que me pasa que eu non sei?

Teño medo dunha cousa,

Que vive pero non se ve.

...

O que nunca estuvo lonxe,  
non sabe o que é padecer.



En todo estás ti e ti es todo,  
pra min i en min mesmo moras;  
nin me abandonarás nunca.



Ti soio non acabas,  
jouh esprito que ximes nun encerro!  
Mais con man compasiva  
A morte, ó fin, quebrantará os teus ferros.



¿Por que existe? ¿Quen é? ¿Donde a soberba  
morada ten? ¿Arteira, en donde habita?

Sono lixeiro ou pasaxeira nube  
pra moitos é, que apenas deixa rastro.

Outros os golpes alevosos sinten  
que lle asestan con negra traidoría  
dende o comenzo ó fin da vida escrava.

Pero n'a ven, anque a mirada tendan  
arrededor, para evitaren, cantos,  
o seu bafo pestífero, n'a atopan  
no espazo,nin na terra,nin no mare;  
anque tela ela en todo está, sempre dañina.



Rico ou pobre, algún dia  
¡con que contento e pracidez folgaba!  
I agora, pobre ou rico, ó desdichado  
¡todo, todo lle falta !  
  
En balde veñen días, pasan anos,  
e inda sigros pasaran.  
  
Tamén as hai que eternamente manan;  
mais as fontes perenes nesta vida  
son sempre envenenadoras.



¡No entero olvido para sempre dormen...!

¡Probes nais que os criaron,

i as que os agardan amorosas,pobres!

¿Que pasa o redor de min?

¿Que pasa que eu non sei?



Iña tras dun tesouro cobisado,  
de todos iñorado,  
mais do que solamente eu sabía;  
e n'era só de prata, nin só de ouro  
aquele sin par tesouro ,  
que era dun canto deseiar podía.



-¡Salvádeme, ou, xueces!, berréi...¡Tolería!

De min se mofaron,vendéume a xustiza.

-Bon Dios,axudáine, berréi,berréi inda...

Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.



O mar castiga bravamente as penas  
E contra as bandas do vapor se rompen  
De humanos seres a compauta línea  
Que brila ó sol adiánte e retórcese,  
O corazón apértase de angustia y  
As brasfemias se axuntan cos sospiros...  
¿Onde van eses homes?



Cando de lonxe vos oio,  
penso que por min chamades,  
e das entrañas me doio



Luz e progreso en todas partes..., pero  
as dudas nos corazós, e bagoas que un non sabe por que corren,  
e dores que un non sabe por que son



A un batido, outro batido;  
a unha dor, outra delor;  
tras dun olvido, outro olvido;  
tras dun amor, outro amor.



En todo estás e ti és todo,  
pra min i en min mesma moras;  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.



Cando era tempo de inverno,  
pensaba en dónde estarías;  
cand' era tempo tempo de sol,  
pensaba en dónde andarías.



Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombras,  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofa.



Os manantiales sécanse,  
Ós robres cáenllas as follas;  
Pero a túa ialma é plena primavera.



¡Ánimo compañeiros!  
toda a terra e dos homes  
aque'l que non veu nunca máis  
que a propia, a ignorancia o consomé  
¡A quen se muda Diolo axuda!



¡ Quérome ire, quérome ire!

Para donde, non o sei.

Cégame os ollos a brétema

¿Para donde hei coller?



E sin romor nin queixa, nin choros, nin cantares,  
brandos así e saudosos, cal alentar dos ánxeles,  
en nós encarnan puros, corren coa nosa sangue  
i os ermos reverdecen do espírito onde moraren .



¡ Corré, serenas ondas cristaiñas  
pasade en calma e maxestosas, como  
as sombras pasan dos groriosos feitos !

¡ Rodade sin descanso, como rodan  
a eternidá xeracións sin número  
que cal eu vos contempro, contempráronvos !



O mar deixoute olvidada  
e lonxe de ti correron  
as augas...

---

Nin arbres que che den sombra,  
nin sombra que preste alento...  
Llanura e sempre llanura,  
deserto e sempre deserto...

---

Esto che tocou, coitada,  
por herencia no universo;  
triste herensia por certo.



Mais a luz insolente do dia,  
constante e traidora,  
cada amañecida  
penetraba radiante de gloria  
hastra o leito donde eu me tendera  
coas miñas congoxas.

---

Desde entonces busquei as tinieblas  
mais negras e fondas.